Estimadas familias:

Para o mellor funcionamento do campamento poñemos á vosa disposición información de interese de cara a chegada e saída da **SEMANA STEM**.

QUENDA	**Día de entrada**	**Hora de entrada**	**Día de saída**	**Hora de saída**
1º (5º Primaria)	14/10/2018	18:00 – 19:30	20/10/2018	12:00 – 13:30
2º (5º Primaria)	21/10/2018	18:00 – 19:30	27/10/2018	12:00 – 13:30
3º (6º Primaria)	28/10/2018	18:00 – 19:30	03/11/2018	12:00 – 13:30
4º (6º Primaria)	04/11/2018	18:00 – 19:30	10/11/2018	12:00 – 13:30
5º (6º Primaria)	11/11/2018	18:00 – 19:30	17/11/2018	12:00 – 13:30
6º (1º ESO)	18/11/2018	18:00 – 19:30	24/11/2018	12:00 – 13:30
7º (1º ESO)	25/11/2018	18:00 – 19:30	01/12/2018	12:00 – 13:30
8º (1º ESO)	02/12/2018	18:00 – 19:30	08/12/2018	12:00 – 13:30
9º (2º ESO)	09/12/2018	18:00 – 19:30	15/12/2018	12:00 – 13:30

A zona de recepción estará perfectamente señalizada e nela poderanse encontrar 4 mesas:

- Mesa 1: Realización do rexistro. Todos os/as participantes deberán pasar por esta mesa para identificase e poder acceder ó campamento. O/a pai, nai ou titor/a legar deberá firmar o rexistro de entrada do neno/a. Nesta mesma mesa farase entrega da tarxeta sanitaria do/a participante que se devolverá ó finalizar a **SEMANA STEM**.

- Mesa 2: Cuestións médicas. Nesta mesa os/as participantes farán entrega dos medicamentos e de calquera información pertinente ó respecto. Os medicamentos deberán vir todos xuntos nunha bolsa identificada cos seguintes datos: nome completo do/a participante e a información detallada sobre o suministro de dito medicamento ou medicamentos.

- Mesa 3: Depósito de teléfonos móbiles. Nesta mesa os/as participantes depositarán os teléfonos móbiles que traerán perfectamente identificados con nome e apelidos.

- Mesa 4: Incidencias. Deberán acudir aqueles/as participantes que non estean nas listaxes ou teñan calquera outra incidencia.

Unha vez finalizado o rexistro os/as nenos/as quedarán a cargo dos/as monitores/as.

A saída da **SEMANA STEM** levarase a cabo seguindo a mesma dinámica da entrada:

- Mesa 1: Realización do rexistro. Nesta mesa entregarase de volta a tarxeta sanitaria do/a participante e firmarase o rexistro de saída por parte do/a pai, nai, titor/a legal ou persoa previamente autorizada.

- Mesa 2: Cuestións médicas. Procederemos á devolución dos medicamentos proporcionados o día de entrada.

- Mesa 3: Recollida de teléfonos móbiles.

- Mesa 4: Incidencias. Nesta mesa resolverase calquera tipo de dúbida ou incidencia.